

UN EPITAFIO DE ESCRAVOS DO CASTRO DE LEXO

Por Nicandro Ares Vázquez

Entre as lápidas atopadas na muralla romana de Lugo, que se gardan no Museo Provincial da cidade, hai unha de carácter funerario, moi maltratada polas inclemencias do tempo, que sen embargo conserva unha interesante inscrición, encadrada nunha moldura baquetonada, que mide 0,62 m. de altura por 0,88 de ancho.

Dela deu a primeira noticia F. Vázquez Saco no *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo* (III, 1948, 75-77), acompañándoa cunha fotografía bastante xeitosa. Pero di que só puido ler, gracias a un calco, o seguinte:

M A R I A E / . A N . X
 / / / / / / / / / / / /
 A N . I I I I / / / / /
 / / / N S / / / / / / /

Esta lectura foi reproducida por M. Vázquez Seijas en *Memorias de los Museos Arqueológicos y Provinciales*, 1948-49, páx. 193 (Madrid 1950), desde onde pasou a *Hispania Antiqua Epigraphica*, núm. 322 (Madrid 1950-52).

Posteriormente ambos autores, en colaboración, volvérona publicar en *Inscripciones Romanas de Galicia. II. Provincia de Lugo* (Santiago de Compostela 1954), núm. 52, páx. 83, con foto. E despois de advertir que "su lectura es muy difícil", propoñen a que lles suxeriu A. d'Ors "como muy incierta" deste xeito:

MART (i) AE.AN (norum) X.
 MARTII ... AN (norum) VIII?
 AN (norum) III ... AN (n) OR (um) I?
 SEVERIN (us) AN (n) OR (um) III?

Esta transcripción foi recollida por J. Vives, *Inscripciones Latinas de la España Romana*, núm. 6092 (Barcelona 1971). Pero un estudio moito máis atento, tras dunha minuciosa autopsia, foille dedicado, en colaboración, por F. Arias Vilas, P. le Roux e A. Tranoy, na excelente colección de *Inscriptions Romaines de la Province de Lugo*, editada en 1979 polo "Centre Pierre Paris", páxs. 57-58, núm. 31, con foto, onde ofrecen a seguinte interpretación:


MARTIALI. AN (*norum*). X (*decem*).

AN (*norum*) IIII (*quattuor?*). S (?). T (?). > (*centuria*) LAEDIE (*n*) S (*i*)

CEMELEN (*us*) SILO FILI (*i*) S (?)

Aínda que a lectura desta lápida preséntana, con razón, como "trés problématique", fan notar acertadamente as ligaduras ou nexos das letras *TI* e *LI* na primeira liña, e na terceira a presenza dun *C* invertido, indicando a este respecto: "Pour le texte considéré, ce signe est l'indication du groupe social ou du lieu auquel appartenait le défunt. *Martialis* appartenait au milieu indigène du *conventus Lucensis*, aux *Laedienses*, probablement regroupés autour d'un de ces *castros* anonymes que l'on peut encore déceler dans l'archéologie de la province".

Tendo, pois, en conta os pronunciamentos de lectura anteriores e as miñas propias experiencias persoais da lápida (visuais, táctiles, calcos, diversas iluminacións, etc.), coido que se podería ofrecer un texto algo mais aproximado á verdade desta inscrición, o cal viría sendo o seguinte:



Inscrición romana dos escravos de Lexo
Museo Provincial de Lugo

MARTIALIS. AN. X.
LOVEVS. AN. IX. PATERNVS
AN. IIII. S. E. C. LAEDIES
GEMELINVS. FLORI. FILIIS.

Observacións importantes a ter en conta para xustificar esta lectura serían as seguintes: Na primeira liña os dous *II* de *Martialis* están sobreescritos respectivamente encol do *T* e do *L*. Na segunda hai dous nexos ou ligaduras de letras: *VE* en *Loveus* e *NV* en *Paternus*. Finalmente, na liña cuarta hai un nexo *NV* en *Gemelinus*, o *I* de *Flori* está sobreescrito no *R*, e os dous primeiros *II* de *filiis* tamén están escritos respectivamente encol do *F* e do *L*. Estes datos quedan aquí reflexados no meu debuxo do epitafio que presento a carón da fotografía.

Con estas anotacións por diante, coido que se pode interpretar a inscrición desta maneira: *Martialis an (norum) X, Loveus an (norum) IX, Paternus an (norum) IIII, s (ervi) e (x) (castro vel casa) Laedie (n) s (i); Gemel (l) inus Flori filiiis*. Marcial de 10 anos,

Lovio de 9 anos, Paterno de 4 anos, servos do castro (ou casa) Laediense; Xemelino de Floro, ós fillos.

Xa que logo e como se ve, trátase dunha familia de escravos, procedente dun castro, probablemente lucense. Por eso imos xa de contado analizar a onomástica que se nos ofrece, punto por punto, anque sexa brevemente.

ONOMÁSTICA DO EPÍGRAFE

Martialis é un adxectivo latino, derivado de *Mars* 'Marte', convertido en cognomen teofórico, moi espallado por tódolo Imperio. Kajanto, na súa preciosa obra, *The latin cognomina* (Roma 1982), páx. 212, rexistra nada menos ca 9 senadores, 706 varóns, 62 escravos ou libertos, e 10 cristiáns.

Loveus é o nome máis esvaído de tódolos que figuran na inscrición. Coido, sen embargo, que é unha simple variante de *Lovius* (*CIL* VIII 21260) e de *Loveius*, que aparece nunha estela de Pontevedra (*IRGalicia*, III, núm. 40), antropónimo no que se podería aillar o radical *lowe-*, que se atopa no verbo grego *loéo* > *loúo* e no latino *lavo*, o cal tiña dúas formas paradigmáticas de conxugación: *lavo -as -are lavavi lavatum*, ou tamén *lavo -is -ere lavi lautum/lotum*, con derivados como p. ex. *adluvies* 'desbordamento', *diluvium* 'inundación' etc. (1).


Paternus xa se ve que é un derivado de *pater*. Polo tanto trátase dun cognomen de parentesco directo. Kajanto, p. 304, rexistra este nome en 8 senadores, 283 homes, 97 mulleres + unha escrava, seis varóns + catro mulleres entre cristiáns. Abunda moito na epigrafía da península ibérica. Tamén se repite na de Lugo.

Gemel (l) inus, o pai dos tres nenos, non aparece noutros epígrafes galegos; pero rexistrouse *Gemellinae* (dativo) en Tarragona (*CIL* II 4358). Son diminutivos de *gemellus/a*, que hai en moitas estelas funerarias da península, unha delas en Santa Comba (Cf. *Emerita*, 39, 1971, 364 ss.). Kajanto, páx. 295, recontou un senador, 49 homes + un escravo e dous cristiáns, 32 mulleres + unha escrava e seis cristiáns, que se chamaban *Gemel (l) inus/na*.

Florus, o avó dos pequenos e pai de *Gemelinus*, leva un cognomen que algúns consideraron mitolóxico, en relación coa deusa *Flora*. Pero existiu no vello latín o adxectivo *florus*, que aludía á cor do pelo roibo, coma *flavus*, e daquel adxectivo saíu sen dúbida o cognomen, que se repite noutras lápidas de Lugo e abundantemente en moitas do Imperio, referidas tamén a escravos e libertos, cristiáns, senadores, homes e mulleres libres (Cf. Kajanto, p. 233).

Resumindo, pois, vemos que a estela lucense está dedicada polo pai a tres nenos defuntos, de moi pouca idade, que levan todos eles nomes latinos, e para os cales non se invoca a protección dos *Deuses Manes* coa fórmula usual D.M.S. = *Diis Manibus Sacrum*, quizabes porque aínda eran inocentes. Mais algúns arqueólogos ven un sinal de antigüidade naquelas lápidas que non levan a devandita sigla, como sucede nesta de Lugo.

1.-Cf. I. POKORNY, *Indogermanisches Etymologisches Wörterbuch*, p. 672 (Bern 1959); P. CHANTRAINE, *Dictionnaire étymologique de la langue grecque*, p. 647 (París 1974); A. ERNOUT et A. MEILLET, *Dictionnaire étymologique de la langue latine*, p. 344-5 (París 1959).



Mapa do municipio lucense de Baralla (GEG, 3, 73)

Outro dato para suliñar é que, como xa dixemos, trataríase dunha familia de *servi*, é dicir, de escravos, se é que vale a interpretación que leva o *S* central da terceira liña. Hipótese que se vería reforzada polo feito de seren naturais dun castro indíxena, o cal tería sido dominado polos conquistadores romanos e convertidos en escravos os seus moradores.

O CASTRO DE LEXO

O nome deste *castro* ou *casa* (2) está escrito *Laedies*. E aquí vexo eu unha semellanza onomástica moi estreita co xentilicio *Laedius*, que figura nun epígrafe de Roma, segundo se consigna na revista *Latomus* (1958, 350). Tamén existe *Laedio* na Iliria (3). Nomes que parecen evocar espontaneamente o radical do verbo latino *laedo* 'ferir'. Mais, deixando por agora esta idea, poderíase aventurar dalgún xeito a ubicación do *Castro Laediense*, identificándoo quizabes co *Castro de Lexo*, que está na aldea de *Castro*, pertencente á parroquia lucense de San Xoán de **Lexo**, no municipio de Baralla.

O paso lingüístico de *Laedius* a *Lexo* faise verosímil, se vemos o dígrafo *-ae-* convertido en *-e-*, como en *laesio* 'lesión', *laetus* 'ledo', *caelum* 'ceo', *Caesar* 'César', etc. Por outra banda, o grupo *-di-* intervocálico palatalizaríase en *-x-*, como sucedeu en *hodie* 'hoxe', *inodiare* 'anoxar', *pedia* 'pexa', *studium* 'estoxo', etc. Con todo, quedan aínda certas escuridades nesta explicación, mentres non se teñan a disposición as denominacións medievais antigas do topónimo *Lexo*, as cales poderían aparecer na Colección Diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Penamaior, que estaba nas proximidades.

2.-A miña hipótese sobre o significado do *C* invertido expúxena en *LVCENSIA*, n.º 2, 1991, páxs. 95-102, e no n.º 5, 1992, páxs. 59-70. Alí citei bibliografía sobre este discutido tema; pero na páxina 98 daquel n.º 2 hai un erro de imprenta moi importante, poñendo *D. Louciocelo* en vez de \mathcal{C} (= *C* invertido) *Louciocelo*.

3.- Cf. M.ª L. ALBERTOS FIRMAT, *La onomástica personal primitiva de Hispania Tarraconnense y Bética*, p. 304, Salamanca 1966.